



DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE BARBADÁS CON MOTIVO DO 25N - DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

Como cada 25 de novembro, o Concello de Barbadás únese á conmemoración do Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as mulleres.

A violencia de xénero, en todas as súas versións, supón a máxima expresión das desiguals relacións de poder entre homes e mulleres existente na sociedade, xa que é un tipo de violencia que se exerce contra as mulleres polo feito de ser mulleres e a asunción deste rasgo tan característico neste tipo de violencia supón un cambio de perspectiva social que ven sendo demandado historicamente polo movemento feminista a quen debemos agradecer os logros acadados polas mulleres ao longo do tempo

No que vai de ano, foron asasinadas 37 mulleres e 5 menores de idade, ademais 24 crianzas quedaron orfas

A loita contra esta lacra, que nos avergoña como sociedade, é unha loita pola liberdade de todas as mulleres, por acadar a igualdade real, por non decaer no empeño ata erradicar da nosa sociedade a violencia machista e por unha cuestión de xustiza social.

Ante esta realidade debemos sumar vontades e buscar o acordo porque a loita contra a violencia de xénero é unha cuestión de estado que debe estar por enriba de calquera ideoloxía, porque non admitir a existencia dunha violencia específica contra as mulleres é negala e este discurso negacionista é moi perverso e ten un impacto moi negativo nunha sociedade cuxo modelo debe ser o da igualdade e a liberdade

Unha sociedade democrática non pode consentir que as mulleres vivan violentadas polas súas parellas ou exparellas, que os corpos de mulleres e nenas sexan obxecto de consumo, que o impacto que ten a violencia incrementa o seu medo, o sentimento de culpa e a vergoña que senten as vítimas. Hai que poñer o foco nos agresores para que sintan o rexeitamento social porque só unha sociedade que non acepte estes comportamentos poderá considerarse unha sociedade xusta e libre

Dende as administracións locais e, en concreto, dende o Concello de Barbadás temos a obriga de combater todas as formas de violencia contra as mulleres co obxectivo de protexer ás vítimas, garantindo a súa seguridade e liberdade, tendo en conta a realidade do noso concello e en concreto das mulleres que habitan no rural por isto, e no ámbito das nosas competencias, desenvolvemos un papel fundamental na prevención, así como na información, o asesoramento e o acompañamento ás mulleres vítimas e aos seus fillos e fillas. Así mesmo continuaremos colaborando con asociacións ou entidades que loitan contra a violencia machista e traballan pola igualdade de mulleres e homes



Concello de Barbadás



CIM Barbadás

Por todo isto, ratificamos o noso compromiso cos dereitos e liberdades das mulleres, coa eliminación de calquera tipo de violencia machista e seguiremos traballando no desenvolvemento de políticas públicas enfocadas a súa erradicación.

Ningunha vítima mais! Estamos ao teu lado!